

| SOLICITANTE | CONCEDIDO |
|--|-------------|
| ASOCIACION DE VECIÑOS DE LEIRADO | 7.845,00 € |
| ASOCIACION DE VECIÑOS DO CASTELO | 30.000,00 € |
| ASOCIACION DROSERA | 13.495,00 € |
| ASOCIACION FORESTAL AFORO | 650,01 € |
| ASOCIACION MEDIOAMBIENTAL AULA NATURAL XESTA | 12.916,60 € |
| ASOCIACION MICOLOXICA NAT. PAN DE RAPOSO | 2.910,00 € |
| ASOCIACION NARVAL DE A CORUÑA | 30.000,00 € |
| ASOCIACION NATURALISTA BAIXO MIÑO (ANABAM) | 3.000,00 € |
| ASOCIACION PLATAFORMA DEFENSA DE RIOCALDO | 21.756,07 € |
| ASOCIACION VECIÑOS DE BIOBRA | 12.000,00 € |
| COORD. ESTUDO MAMIFEROS MARIÑOS - CEMMA | 9.780,00 € |
| FEDERACION ECOLOXISTA GALEGA (FEG-AGENG) | 6.968,00 € |
| G. NATURALISTA HABITAT | 11.500,00 € |
| GRUPO ACCION ECOLOXISTA OUTEIRO | 24.228,60 € |
| GRUPO DE ANELAMENTO ANDURIÑA | 16.596,00 € |
| PROMOCION DE TOQUES XOECER | 6.000,00 € |
| SGHN-SOCIEDADE GALEGA DE Hª NATURAL | 1.786,00 € |
| SOCIEDAD HIJOS DE BUJAN | 11.538,00 € |
| SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXIA | 3.299,04 € |
| UNION XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA | 30.000,00 € |
| VERDEGAIA | 2.000,00 € |
| VILANLIMPO | 30.000,00 € |

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2007.

Jorge Antonio Santiso Blanco
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 13 de xullo de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se autorizan e se publican os acordos adoptados pola comisión central de seguimento do pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Diario Oficial de Galicia número 104, do 1 de xuño de 2004) na reunión mantida o 3 de maio de 2007.

De conformidade coas competencias previstas na norma 10.2ª do pacto de selección temporal asinado o 24 de maio de 2004, por CC.OO., UGT, CIG, CSI-CSIF e SAE con representación na mesa sectorial de negociación de persoal das institucións sanitarias, no seo da comisión central de seguimento do devandito pacto, adoptáronse os acordos que se recollen no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

ANEXO

En Santiago de Compostela, ás 13.00 horas do día 3 de maio de 2007, reúnen no seo da Comisión central de seguimento do pacto de selección temporal de

persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, as persoas representantes da Administración e das organizacións sindicais asinantes do pacto, co obxecto de tratar distintas cuestións relativas ao dito pacto; e asinan os seguintes acordos as centrais sindicais CIG, CC.OO., UGT e SAE:

Acordos:

1. Interpretación do termo incorporación en nomeamentos de substitución. De acordo con xurisprudencia reiterada e consonte establece o artigo 9.4º da Lei 55/2003 do Estatuto marco do persoal estatutario, producírase o cesamento da persoa substituta pola reincorporación da persoa titular ou cando esta perda o seu dereito á reincorporación á mesma praza ou función.

Enténdese por incorporación a presenza efectiva e física da persoa titular na mencionada praza ou función que trae como consecuencia a ruptura ou solución de continuidade do nomeamento, pois a mera mudanza da causa deste non constitúe causa de cesamento.

2. Tratamento das renuncias do persoal de servizos xerais da quenda de promoción interna a chamamentos en localidade distinta á da praza de orixe. Sen prexuízo da necesaria aplicación do réxime de penalizacións contido no pacto, recoméndaselles ás comisións provinciais que, en atención ás circunstancias concurrentes en cada caso, entren a valorar a posibilidade de enervar a penalización que poida resultar dunha renuncia destas características.

3. Prórrogas de nomeamentos eventuais por acumulación de tarefas. Nos supostos de pluralidade de nomeamentos da mesma categoría nunha mesma unidade ou área cando só algúns deses nomeamentos vaian ser prorrogados, o único criterio para determinar cales deben ser obxecto da dita prórroga é a orde de prelación acadada polas persoas aspirantes na correspondente lista de selección temporal, desbotando outras circunstancias como a experiencia na área, unidade ou centro concretos.

4. Listaxes de puericultores/as. Aclárase que non son (contrariamente ao que ocorre coas da categoría de pediatras) incompatibles coas de persoal médico de familia; antes ao contrario, son listaxes derivadas desta mesma categoría, por seren as persoas aspirantes incluídas nela persoal médico de familia co diploma de posgrao en puericultura, tal como establece a norma 12.6 do pacto.

5. Cobertura de IT con aspirantes da listaxe de curta duración de urxencias extrahospitalarias. Perante a falta de información sobre a duración estimada das IT, as xerencias que contén no momento do chamamento con algún indicio que permita presumir que aquela será superior ao mes, acudirán para a súa cobertura á listaxe xeral, sen prexuízo de que -segundo aclara a Administración- o descoñecemento de tal dato,

segundo as normas do pacto, non lles impide que fagan os chamamentos a través das listaxes de curta duración.

6. Interpretación do cómputo dos 10 días/mes e 120 días/ano nas vinculacións de curta duración (norma 12.3.4 do pacto). A vinculación ou conxunto de vinculacións das persoas aspirantes inscritas nestas listaxes non poderán exceder os 10 días cada mes, ata un máximo de 120 días anuais, sen que caiba o seu rateo ou compensación ao longo do ano.

7. Listaxes especiais de curta duración (poll). Co fin de aclarar o sentido da norma xeral 12.3 do pacto cómpre indicar que a exclusión do persoal inscrito nas ditas listaxes para a formalización de vínculos de cobertura do período de vacacións estivais debe ser entendida como de aplicación a aqueles chamamentos cuxa duración sexa igual ou inferior a catro meses, é dicir, que non superen os catro meses.

Tal criterio infírese dos termos expresados na citada norma de xeito integrado cos acordos acadados durante a negociación do pacto e, polo tanto, parte previa pero imprescindible para a formación da vontade negociadora.

Xa que logo, con independencia da literalidade ou escaseza de detalles da redacción plasmada no pacto, pero conxuntamente con ela, a mencionada vontade resulta inequívoca e concluínte, á vista do contido das actas da mesa sectorial de sanidade dos días 22 e 30 de abril de 2004.

Así mesmo, reitérase a preferencia das persoas aspirantes inscritas na listaxe poll sobre os que figuran nas listaxes resultantes das incorporacións automáticas, para os chamamentos que se deriven do suposto recollido na dita norma 12.3.5.

8. Suspensión de chamamentos. Ás persoas aspirantes pertencentes ás categorías incluídas nos supostos de incorporación automática recollida na norma xeral 6.3.1 resúltalles de plena aplicación o disposto na norma xeral 8 do pacto, é dicir, serán suspendidas de chamamento cando acrediten 360 días traballados nun período de tres anos.

Porén o anterior, en caso de indispoñibilidade (punto 2 da norma xeral 8) de persoas aspirantes das ditas categorías no período de vacacións estivais, interromperase a suspensión en que puidesen estar incursas. Ao remate deste período estival, será retomada a dita suspensión desde o momento en que se veu interrompida.

9. Exixencia de ter superada a proba de aptitude de carácter informático para acceder a nomeamentos. A proba de aptitude exixida para as categorías indicadas no punto II do pacto, superárase ou non, terá vixencia dentro da convocatoria en que a citada proba se realizase.

Nas convocatorias sucesivas, de non se realizar proba de aptitude, deberá seguirse, escrupulosamente, a orde de prelación das listaxes vixentes en cada momento, sen prexulgar os coñecementos das persoas aspirantes nesta materia e sen manter, xa que logo, penalización ningunha acaecida no ámbito dunha convocatoria de aspirantes realizada con anterioridade.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se amplía o prazo para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 007 (titulado/a medio) do grupo II de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

A Orde do 24 de xullo de 2006 pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso á categoría 007 (titulado/a medio) do grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia establece na base II.2.1 que o prazo máximo para a realización do terceiro exercicio será de 40 días, contado este desde o remate do exercicio anterior.

Unha vez realizado o segundo exercicio o día 17 de xullo de 2007, e logo de considerar diversas cuestións organizativas relativas á realización do terceiro deles e a proposta elevada para tal efecto polo tribunal cualificador deste proceso selectivo, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

A ampliación do prazo de realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 007 (titulado/a medio) do grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso ningún, de acordo co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu
O conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza